

O SAL ÓN

XIX SALÓN INTERNACIONAL
DO LIBRO INFANTIL E XUVENIL
DE PONTEVEDRA

Mulleres de conto

**I PREMIO
INTERNACIONAL
DE ILUSTRACIÓN**

I PREMIO INTERNACIONAL DE ILUSTRACIÓN:

Convocado por Galix (Asociación Galega de Literatura Infantil e Xuvenil) en colaboración co Concello de Pontevedra

A finalidade deste certame é escoller a ilustración do cartel da XIX edición do **Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra**, que se celebrará no **Pazo da Cultura** da cidade entre o 6 e o 29 de abril de 2018 e que terá a temática central de: **MULLERES DE CONTO**.

BASES DE PARTICIPACIÓN

Este concurso está dirixido a ilustradores e ilustradoras de todos os países.

Requisitos de participación:

- Que o ou a participante sexa maior de idade.
- Que a ilustración presentada sexa inédita e non publicada previamente nin difundida en redes sociais no momento da participación do certame.
- As persoas participantes poderán concorrer cun máximo de dúas obras, que deberán enviar de maneira separada.
- A técnica empregada para a ilustración é libre pero o envío da mesma farase **EXCLUSIVAMENTE** en formato dixital a través da web: **www.salondolibro.gal/premio**

TEMA DA ILUSTRACIÓN

A ilustración seleccionada será a imaxe do cartel da edición de 2018 do Salón.

A ilustración do cartel deberá representar o tema protagonista da XIX edición do Salón: **MULLERES DE CONTO**. Con este título búscase afondar, reflexionar e interpretar a literatura infantil e xuvenil con perspectiva de xénero, así como reivindicar, historicamente e na actualidade, os personaxes femininos das obras de Literatura Infantil e Xuvenil, así coma o papel das mulleres arredor do mundo do libro e a lectura: autoras, editoras, libreas, tradutoras, narradoras, bibliotecarias...

ASPECTOS TÉCNICOS E ENVÍO DA OBRA

O tamaño final do cartel será de 40x60cm (máis 3mm de sangrado por cada lado), e as ilustracións concorrentes deberán adaptarse ao deseño da plantilla dispoñible na web.

A **resolución final da ILUSTRACIÓN GANADORA e FINALISTAS** deberá ter as especificacións técnicas seguintes:

- Tamaño do arquivo: **40x60cm** (con 3mm de sangrado por cada lado),
- Formato: **TIFF**
- Resolución: **600 ppp**
- Modelo de cor: **CMYK**

Sen embargo, o **envío de TODAS AS OBRAS para a valoración do xurado** deberá facerse en **baixa resolución** coas seguintes características:

- Tamaño do arquivo: **40x60cm** (máis 3mm de sangrado por cada lado)
- Formato: **JPG**
- Resolución: **150 ppp**
- Modelo de cor: **RGB**

(Se existe algún problema durante o proceso de envío, o email de contacto é:
salondolibro@pontevedra.gal)

DATA DE ENTREGA, FALLO E PREMIO

A recepción de propostas comezará o **6 de outubro de 2017** (ás 12:00 h) e pecharase o **5 de novembro** (ás 23:59 h).

Un xurado formado por especialistas do ámbito da ilustración, literatura infantil e xuvenil, deseño gráfico e comunicación visual escollerán unha única proposta gañadora e 12 ilustracións finalistas.

Os resultados da deliveración do xurado publicaranse nas webs: www.galix.org e www.salondolibro.gal, así como nas redes sociais das dúas entidades. As creadoras e creadores seleccionados como gañadores ou finalistas serán contactados vía email pola organización do certame.

A **ILUSTRACIÓN GAÑADORA** será premiada con **3.000,00€ brutos (*)**, que aboará o Concello de Pontevedra a través do Organismo Autónomo Pazo de Congresos e Exposicións de Pontevedra.

As ilustracións finalistas formarán parte dunha mostra que se exhibirá no Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra, no **Pazo da Cultura** da cidade, do 6 ao 29 de abril de 2018. Tanto a imaxe gañadora, como as finalistas, formarán parte dun catálogo impreso, en formato de calendario do libro e a lectura do 2018, onde figurará o nome e CV do autor ou autora.

***Fiscalidade do premio**

- *Serán por conta da persoa premiada todos os impostos que graven a percepción dos premios.*
- *De conformidade coa vixente lexislación española, o premio obxecto deste Concurso estará, suxeito a retención do IRPF, que será asumido pola persoa gañadora.*
- *As demais repercusións fiscais que a obtención do premio teña na fiscalidade da persoa premiada, será por conta desta, polo que o Concello de Pontevedra queda exonerado de calquera responsabilidade ao respecto.*

IMAXE GAÑADORA E SELECCIONADAS

O ilustradores e ilustradoras da **OBRA GAÑADORA** e **FINALISTAS** serán contactados pola organización do Salón para enviaren en formato dixital as imaxes en **alta resolución**, coas especificacións referidas, a través dun sistema de envío de arquivos dixitais (*Wetransfer* ou similar).

- Tamaño do arquivo: **40x60cm** (máis 3mm de sangrado por cada lado),
- Formato: **TIFF**
- Resolución: **600 ppp**
- Modelo de cor: **CMYK**

EXPOSICIÓN DE ILUSTRACIÓNS GAÑADORA E FINALISTAS

Para a exposición, a organización do Salón contactará cos ilustradores e ilustradoras seleccionadas para solicitar o envío de traballos orixinais por servizo de courier (a cargo da organización), cando estean realizadas en soporte papel ou volumétrico. Unha vez rematado o certame, as ilustracións finalistas serán devoltas, por servizo de correo certificado ou courier a cargo do Salón.

ADQUISICIÓN DA PROPIEDAD

A obra premiada pasará a ser propiedade do Concello de Pontevedra. A dotación económica do premio inclúe a contraprestación que, como cantidade alzada, procedería a satisfacer ao autor ou autora da ilustración. A adquisición da exclusiva propiedade da obra premiada inclúe así mesmo calquera dos dereitos de explotación, distribución, exhibición, divulgación, reprodución, transformación, comunicación pública, etc., e, en xeral calquera dos dereitos legalmente transmisibles, que poderán ser exercitados polo Concello de Pontevedra na forma en que teña por convinte e sen limitación temporal ou territorial algunha.

REPRODUCCIÓN DAS IMAXES FINALISTAS

Os autores e autoras das imaxes finalistas autorizan unicamente a reprodución das súas ilustracións no catálogo da exposición en formato calendario. Calquera outro uso das súas ilustracións, será consultado e negociado directamente cos creadores e creadoras das mesmas.

A autoría das ilustracións, gañadora e finalistas, estarán debidamente acreditada no propio cartel e cando se utilicen as imaxes en calquera outro contexto e uso.

ACEPTACIÓN

A participación neste premio implica a aceptación incondicional das súas regras, así como o recoñecemento da decisión final do xurado como irrevogable.